

## SESION EXTRAORDINARIA DE 26 DE DECEMBRO DE 2018

(Acta Número 14)

**Sr. Presidente:**

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**

D. Argelio Fernández Queipo  
D. Alvaro Santos Ramos  
D. Pablo Rivera Capón  
D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto  
D. Lino Rodríguez Onega  
D. Eduardo Vidal Baamonde  
D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Elena Candia López  
D. Xosé Ferreiro Fernández  
D. Manuel Martínez Núñez  
D. Juan Carlos Armesto Quiroga  
D. Antonio Veiga Outeiro  
D. Miguel Angel Sotuela Vega  
D. José Antonio García López  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Angeles Teijeiro González  
D. Ramiro Moure Ansoar  
D. José Ulla Rocha  
D. José Demetrio Salgueiro Rapa  
D. José Manuel Yanes Ginzo  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
D. José Pardo Lombao  
D. Jesús Carreira Ferreiro  
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Alvarez Rodríguez

**Interventor:**

D. Fernando Seijas Puga

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día **vinde e seis de decembro de dous mil dezaioito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada de conformidade co art. 46.2.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e arts. 89 e ss. do Regulamento Orgánico da Corporación, a solicitude da cuarta parte do número legal de membros da Corporación, e dentro do prazo de convocatoria a que fan referencia ditos preceptos.

Actúa de Secretaría D<sup>a</sup>. María Esther Alvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO PARA QUE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, SEXA CAL SEXA O SEU GOBERNO, NON VOLVA INTENTAR AMORTIZAR O POSTO DE NINGÚN FUNCIONARIO OU FUNCIONARIA QUE DESENVOLVA TRANSITORIAMENTE O SEU LABOR NOUTRA ADMINISTRACIÓN.**

Logo de ver a proposta de acordo incluída na petición do Pleno por parte do Grupo Provincial Popular, e a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“- A Excma. Deputación Provincial de Lugo garante que non se amortizarán os postos e prazas dos funcionarios ou funcionarias designados

- A Excma. Deputación Provincial de Lugo garante que os funcionarios ou funcionarias, que desenvolvan en calquera momento de xeito transitorio o seu labor noutra administración, á súa volta terán dereito a ocupar o posto do mesmo nivel que o que tiña o posto para o que foi nomeado, sempre e cando o desempeñen un mínimo de dous anos”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“A xustificación de pedir este pleno extraordinario ven dada pola necesidade de evitar os efectos gravemente prexudiciais para o interese dos empregados públicos derivados do intento do equipo de goberno desta Deputación por medio dunha proposta levada ó Pleno ordinario do pasado mes de novembro, para amortizar “pola porta de atrás” o posto dunha funcionaria que transitoriamente desenvolve o seu labor na delegación lucense da Xunta de Galicia. No momento de ver a proposta nós manifestamos a nosa disconformidade, pedimos que se modificara, e agradecín que se rectificara cunha proposta de modificación que presentou o Deputado de Persoal naquel mesmo pleno.

Polo tanto entendemos que o asunto é dunha entidade suficiente como para convocar un pleno extraordinario. Este Grupo considera necesario protexer ós empregados públicos e mantelos á marxe dos debates políticos; e non se pode usar a posición de Goberno para facer vendetas contra os traballadores, polo que resulta necesario protexelos destas prácticas.

O que buscamos con esta proposta é que non se leven a cabo no futuro prácticas que non respecten ás persoas que transitoriamente están noutras Administracións, que se cumpra a lei se hai que amortizar, e chegado o caso se lle informe e consensúe co titular da praza ; e que non se engane ou prexudique

Houbo unha posición, o que estamos vendo nesta sesión plenaria, dun Goberno que na maioría dos puntos queda só porque os feitos e a argumentación non o acompañan, e creo que en cousas coma esta debe prevalecer ese espírito de consenso, e os funcionarios deben quedar á marxe de liortas políticas.

Houbo moitas anécdotas, tristes e moi desagradables, que se podían poñer aquí enriba da mesa, algunhas citáronse anteriormente, non era nin sequera necesario empregar algunha comunicación anónima porque hai xente con nomes e apelidos que de maneira continuada entendeu que non foi tratada como consideraba; insisto en que estou intentando non empregar ningún termo que poida ferir a sensibilidade de ninguén.

Pero como isto pode pasar en calquera momento, gobernen uns ou outros, porque a democracia reside nos veciños e veciñas e cambian os gobernos en función de como o facemos, pode pasarnos mañá; o que queremos con esta iniciativa é un consenso para que aquelas persoas que estean desempeñando a súa función noutra Administración non se encontren con sorpresas desagradables nunha orde do día dunha sesión plenaria un día ás once da mañá”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Teño que dicir neste punto que vou negar a maior, é dicir amortizar pola porta de atrás un posto dunha funcionaria que desempeña transitoriamente o seu labor nunha delegación lucense da Xunta de Galicia, isto é mentira, non hai tal porta de atrás.

Neste caso, que ademáis foi o que deu lugar a toda esta controversia, un funcionario desta Deputación iniciu no ano 2017, e despois dunha prórroga, todas elas autorizadas pola Xunta de Goberno desta Deputación, un traballo na Xunta de Galicia; previamente tiña desenvolvido traballos noutros concellos da provincia de Lugo, tamén con autorización da Deputación de Lugo.

Con data de 08-07-2017 esta empregada toma posesión do posto de xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, despois de participar nun concurso público convocado no DOGA do 31 de maio de 2017, publicándose o nomeamento tamén no DOGA o 6 de xuño do 2017. Como consecuencia do sinalado anteriormente declárase en situación de servizo noutras Administracións por acordo da Xunta de Goberno de 8 de febreiro de 2018. É dicir, de oscurantismo nada, e pola porta de atrás moitísimo menos.

A libre designación non ten carácter transitorio senón que ten carácter definitivo, e máis cando se pasa por un concurso público; cando hai un concurso de forma provisional, como é a comisión de servizos, a Deputación respectou mentres e non esa comisión de servizos; adscrición a diferentes cuestións provinciais, respectouna e segue a respectala noutros traballadores que teñen a mesma situación. Hai outros que son definitivos, un concurso de méritos, a libre designación con convocatoria dunha praza pública ou a permuta noutras administracións; quere dicirse que estas están perfectamente regradas.

Non hai oscurantismo ningún, o que hai é que na Mesa Xeral de Negociación se levaron os postos que se amortizaban e o primeiro era o deste posto de traballo, técnico de relación interadministrativas, o único que hai nesta Deputación con esta cuestión, hai outros Servizos con outras Administracións como Cooperación cos Concellos pero non teñen este técnico. A persoa que estaba de titular nese primeiro é sobradamente coñecida, non estamos a falar dun peón da Granxa que lle amortizamos o posto na RPT pasada senón que estamos falando dunha persoa sobradamente coñecida.

Todo isto sabíano as organizacións sindicais que negociaron a plantilla desta Deputación, e soubérono tamén con tempo os políticos posto que se levou ás Comisións Informativas. Nin na negociación colectiva nin nos días posteriores ninguén nos fixo chegar este tema ata a última hora e no último momento.

Entendo que isto é intentar facer dano cunha cousa que non ten máis transcendencia. Á hora de elaborar as plantillas nun organismo público amortízanse postos, faino a Xunta de Galicia, fíxoo a Deputación e tamén o fan algúns concellos, para crear outros que son máis necesarios. En ningún caso a persoa que está nunha comisión de servizos ou nunha libre designación queda desamparada; e a Lei é clara, a Administración que sustenta esa praza debe darlle no prazo dun mes un posto de traballo similar ó que ten, que nese caso supoño que perde a confianza de quen governe e ó ser de libre designación debe darlle un posto de traballo no prazo dun mes, e senón a Administración de orixe tena que readmitir cun posto de similares características, porque pode acontecer que isto suceda dentro de dez anos; iso si, nós non somos quen de modificarlle o complemento porque alguén puido adquirir o nivel trinta na Xunta de Galicia e cando ven aquí hai que cumprir a Lei e nos diferentes casos que hai consolidarllo, e se é así a ninguén se lle nega. Por tanto entendo que esta moción non ten razón de ser, porque nós cumprimos estrictamente co caso.

É certo, e vou facer un *mea culpa* porque o dixen aquel día e volvo repetilo hoxe, que non se avisou a esta funcionaria, pero iso é culpa miña, acéptoa e dígoo en público, pero coa conciencia moi tranquila, non é unha empregada calquera, é un político máis, e non se fixo con mala intención, porque no fondo, se o que subxace aquí é que hai que garantir o posto de traballo, nós sempre o garantimos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu discrepo coa Sr. Candia con respecto a que este tema sexa dunha entidade suficiente como para convocar un Pleno extraordinario, creo que se podía ter solventado perfectamente cunha

moción dentro dun Pleno ordinario, onde se tomaría a decisión que ía ser igual de vinculante do que vai ser esta, é dicir, absolutamente nada máis alá do compromiso que puideramos adquirir.

En canto ó fondo da cuestión, nós non imos prexulgar a priori se había mala intención ou non nesta decisión, nin tampouco imos discutir en ningún momento a súa legalidade ou non, nin incluso nos imos meter en se había intencionalidade ou non en provocar un dano a esta funcionaria ou a calquera outro. O que si nos parece é que non foi unha forma correcta de facer as cousas, e sobre todo preocúpanos o que é a facilidade que se lle ofrece ó conxunto da cidadanía, e neste caso ós funcionarios, para poder participar en política.

Eu acostumo a dicir moitas veces que, tal e como está isto, a actividade política vai quedar restrinxida ó que son os multimillonarios que non necesitan traballar para poder vivir, e ós funcionarios; con este tipo de cambios na lexislación, e recordo que aquí están tamén de fondo os últimos cambios que fixo o Sr. Feijóo, ó mellor os funcionarios nolo temos que replantexar; eu son funcionario, teño a miña praza no concello de Guitiriz, e dende logo se á hora de acceder a un cargo político, sexa de libre designación ou sexa representativo por elección, sei que podoo perder non o posto de traballo senón a miña praza no concello de Guitiriz, voume medir moito á hora de aceptalo, porque chega un momento en que non se está en condicións, e moito máis os que pensamos que a actividade política ten que ter unha acotación temporal, pasado un tempo, de ter que volver recorrer o país enteiro para ó final acabar máis ou menos cerca da miña casa. Con este tipo de decisións, aínda que sexan legais, estase en certa medida impedindo que haxa persoas que poidan decidir dar o paso na actividade política, neste caso referíndonos concretamente ós funcionarios. Co cal non é unha decisión xurídica pero é unha decisión política, ou cando menos pouco elegante tomar este tipo de medidas.

O Deputado encargado de persoal xa dixo que fora un erro non tela avisado, evidentemente eu creo que foi un erro, pero incluso posiblemente fora un erro intentar suprimir o posto de traballo a unha persoa que está nesta situación, en todo caso podía-se ter suprimido o día que volva ó seu posto no caso de que volva, e sería igual de efectivo e non habería que estar con este debate. En todo caso polo BNG non vai quedar a unanimidade se nos comprometemos a que, governe quen governe, a non facer este tipo de operacións políticas, pero dubido moito que a haxa.

E dicir tamén que este tipo de “persecucións” non é algo que se poida cingir exclusivamente neste caso ó Partido Socialista que é quen goberna porque, mentres que a Sra. Candia foi Presidenta houbo funcionarios que a nós tamén nos trasladaron manospresos ós que foron sometidos polo simple feito de traballar nunha área que non era da simpatía da persoa de confianza da Presidenta nese momento. Co cal é algo que por desgraza non lle afecta só a un Partido Político, senón que é bastante máis amplo o de tratar de perseguir ós funcionarios cando cambia a cor política dun goberno; iso non pode ser, e todos tiñamos que ter o compromiso de que iso non ocorrerá, non só de non facelo nós senón de non permitir que a xente que se nomea o faga.

Para rematar, simplemente insistir en que as decisións políticas deben ir encamiñadas a facilitar que todo o mundo, independentemente da súa profesión, puidera participar dunha forma libre en política e poder volver ó seu traballo unha vez que remate esa actividade política”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Anunciarlle que neste momento non vou cambiar de opinión, sigo mantendo a que tiña o 27 de novembro cando se celebrou o Pleno e se tratou este tema. E reitero, non vou pedir que se publique a miña intervención enteira, pero que todas e cadaunha das palabras que dixen alí as reitero e téñoas presentes agoa.

A verdade é que a intervención procelosa do voceiro do Partido Socialista neste tema, e deputado delegado de persoal, que imaxino que hoxe, entre as entrevistas e isto, obviamente anda perdéndose, porque dicir aquí que unha moción ven para facer dano a un Pleno extraordinario que teñen a facultade de pedir; é máis, eu non tiña pensado quedar, pero dadas as interpretacións, manipulacións, e terxiversacións que fan vostedes nas súas intervencións, como fixo anteriormente, pensei en quedar e escoitalo, pero a verdade é que non me sorprende, non cambian, están empeñados en mentir e contar medias verdades e seguen, pónenlle nun papel catro cousas e repíteas, e fai ben porque así non se sae do guión.

Se hai unha proposta e un Pleno extraordinario será para incidir nun problema que obviamente se vostedes non o fixeron ben vailles facer dano político, aquí ninguén lle quere facer dano persoal a ninguén, agás algún de vez en cando que se extralimita e di algunha tontería. E di que non ten razón de ser, en política ten razón de ser todo, e moito máis un caso grave coma este.

Está vostede sorrindo, e eu pediríalle unha cousa, que lera con detenimento a acta do pleno de 27 de novembro, e o que vostede dicía alí e o que está dicindo hoxe; vostede hoxe di que non a avisou, e dixo aquí neste Pleno que non se enterara do tema; é máis, unha vez máis actúan escondéndose detrás de alguén; aquí como o xefe de persoal obviamente eu, como amigo e coñecido, que parece ser que perdín a amizade del ese día, dáballes un consello de que aproveitara a xubilación para marchar e deixar de ser utilizado por un goberno coma este; e agora escóndese detrás dos sindicatos, e non creo que esta intervención lla aplaudan, e voulle dicir porque.

Dixo que os sindicatos non o sabían, poise eu teño aquí unha carta de UGT, CIGA, e CC.OO, e voulle ler a do sindicato maioritario que di: “logo da recepción da documentación, dende as catro centrais sindicais alí presentes, non se manifesta ningunha opinión nin proposta contra o presentado polo goberno da Deputación, xa que, como se nos trasladou na reunión, as amortizacións de postos e prazas que se nos comunicaron viñan motivadas por falecementos, xubilacións, ou restructuracións dos servizos, o cal se axusta á normativa de aplicación e non vulneran a legalidade”, que é certo; pero nada se dixo nin nesas reunións dos sindicatos, polo que transmiten nin na Comisión Informativa, e se naquel momento se nos dixera que van amortizar esa praza de fulanito ou menganito ó mellor ata o aprobábalos, pero probablemente tiveramos preguntado. Ou sexa están mentindo, e os sindicatos desmíntenllo, mandaron tres cartas, e se non llas pasaron xa lle darei eu as copias señor Presidente.

Di que non hai porta de atrás, o que non había era nin porta de atrás nin de adiante, ían por unha persoa clara e contundentemente, unha represalia política pura e dura, ataque ad personam con novembridade, porque era novembro, e aleivosía. E é unha práctica que vostedes xa fan con algúns, con outros non porque teñen algúns funcionarios en comisión de servizos”.

Neste momento por parte do Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega realízanse unha serie de manifestacións, indicándolle o Sr. Presidente que debe gardar silencio e respectar os turnos de intervención.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“O que se fixo aquí foi unha práctica indecente, rastrera e indigna dunha persoa democrática, de calquera demócrata, isto non se lle fai a ninguén”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Que isto era así levou realmente á rectificación, non hai mellor acreditación de moitas das cousas que espuxemos aquí que a propia rectificación.

Dixo vostede agora que non deixa de ser unha política máis, cando na propia acta do pasado Pleno dicía que non había motivo político ningún. E canto máis fala un, sobre todo cando xa perdemos as formas e ás veces ata case o respecto mutuo, é cando realmente aflora o sentimento das cousas; e aquí viuse claramente, dixo vostede que non é unha traballadora senón unha política máis, cando na pasada sesión plenaria dixo que non había matiz político ningún; isto está nas actas.

Entonces isto, que podo ata coincidir co voceiro do Bloque Nacionalista Galego en que a importancia que teñen as cousas todo depende do caso que lle fagamos e do respecto que teñamos ós acordos que adoptemos, se isto ó mellor no momento en que se rexistra o propio Presidente, que é o que ten a responsabilidade de dirixir os debates e o que en última instancia é o responsable de moito do que ocorre aquí, se nos chama á Xunta de Voceiros, se fai unha Declaración Institucional e intentamos entre todos un compromiso de que isto non volva ocorrer, probablemente xa non estabamos nun Pleno extraordinario. Pero a vostedes realmente vailles a marcha, ás veces non sei se é que lles vai por provocación, se alguén os incita, ou simplemente é por inocencia, porque di que foi todo culpa súa, ó mellor non foi todo culpa súa, pero evitar a confrontación ó mellor é un

atravemento, ou unha temeridade, ou en todo caso acaba sendo case sempre unha irresponsabilidade, porque cadaún saímos de aquí normalmente cunha dor de cabeza.

Pero a realidade é que se fan as cousas mal, por iso estamos debatendo isto; e a realidade tamén é que parece ser que só subscriben esa forma de facer as cousas un grupo minoritario da Corporación, iso tamén é indiscutible, por esta banda estamos doce; o BNG son dous, que non me quedou moi claro se vai apoiar só se apoia o PSOE ou se realmente vai apoiar, porque dende logo o seu discurso do debate do Pleno anterior tamén o moderou bastante, non sei se cambiou de criterio; e despois está o Deputado non adscrito.

En definitiva trece de vinte e cinco, esa é a realidade, entonces ós que están matematicamente en minoría non lles queda outra que intentar obedecer o mandato que lle fai a Corporación; pode facelo ben, con elegancia, evitando a confrontación, chegando a consenso sen chegar a estes escenarios, ou pode vir á guerra, ben é verdade que cando se produce iso sempre mandan ós mesmos, non sei porque.

Pero este Grupo non está exento de sospeitas de que quere chegar a acordos, poden dicilo, porque é verdade que vostedes din calquera cousa, ás veces con verdade e outras sen ela, normalmente sen ela. Se vostedes queren un acordo, porque isto non da tampouco para máis, e ten que sacarse un acordo desta Corporación para que non volva ocorrer este tipo de revanchismos, porque ademáis se di que é unha política máis, agora si que lle vou chamar ás cousas polo seu nome, porque vostede o puxo enriba da mesa nesta propia sesión.

Entonces é tan fácil coma iso, que queren ir á confrontación?, porque dixen que parecía que involucinábamos con algúns comentarios do Secretario Xeral cando dicía que ladrabamos, xa omito os comentarios que fai don Lino, que a metade das veces non o escoito, porque iso xa é de gravar e saír na Sexta, pero todos temos a responsabilidade de intentar cinguirnos ó asunto e falar alo menos con educación e respecto, e aí créanme que, aínda que podo vir cun mal día, non me van pillar.

Por tanto dentro dese respecto, sempre poñendo enriba da mesa a vontade de chegar a un acordo o máis institucional posible, e poñendo por suposto tódolos mecanismos, como fixemos ata a data, en asuntos non sei se máis importantes pero tan importantes coma este. Se vostedes están de acordo non pasa nada, é un acordo político, que eu creo que dignifica e democratiza esta Institución, e que ademáis demostra un pouco que a pesares de todo hai cousas que temos claras; se non é así cadaún sacará a súa lectura, e eu tamén sacarei a miña; pero pensando que o máis importante de todo isto é buscar a unanimidade, sobre todo por que se cumpra é moi importante que o Goberno o apoie, porque aínda que está en minoría é goberno, merece todo o respecto e toda a responsabilidade que iso conleva, pero o seu voto é importante.

E se a intención que di vostede, intentando facer unha interpretación o máis construtiva posible, é a que nos parece dar a entender que é, entón non terá ningún inconveniente en apoiar esta proposta para a unanimidade”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Non imos apoiar esta proposta porque o que piden nela non é necesario. O que se fixo no pasado Pleno era completamente legal, fíxose con transparencia, todo o mundo estaba informado; e non se privou de ningún dereito a ninguén, nin sequera a esa persoa que ocupaba ese posto de traballo; en primeiro lugar porque marchou voluntariamente da Deputación ninguén a botou; ocupou un posto durante un tempo que se lle respectou a condición de provisionalidade; e cando foi definitiva, despois de adoptar os acordos e demais cousas que se fan, decidiuse amortizar, é unha decisión política, para iso non hai consensos, vostedes actúan dunha maneira e eu actúo doutra; é unha decisión política na que había un posto de traballo no que me pareceu que non había que mantelo aí, que se podía amortizar perfectamente para recuperar auxiliares e administrativos do cal carecemos neste momento e que de distintos servizos están pedindo ese tipo de traballadores; e o que amortizábamos nunha praza creabamos outra.

Isto é xustamente o que pasou, e non hai nada máis con respecto a isto; que vostedes teñen a potestade de traer isto nun Pleno extraordinario?, si, teñen esa potestade; pero non debe ter

problemas a provincia de Lugo para que vostedes en todo o ano se acorden a finais de ano, no mes de decembro, de que había que pedir un Pleno extraordinario para falar dun traballador concreto. Por iso eu pensaba que ó mellor era porque levaban tempo sen meterse co delegado de recursos humanos, porque ós outros xa lle deron bastante durante todo o tempo. Penso eu que sería por iso porque senón de verdade que non o entendo”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, quen manifesta o seguinte:

“A ver se podo ter os tres minutos sen que me interrompan, que é bastante complicado nesta Corporación.

Acaba de dicilo agora o señor Sotuela, non teñen propósito de emenda porque non van cambiar, ninguén sabía nada no Pleno do outro día ata que alguén levantou a lebre e amañárono co tema dos Presupostos; falarono e, segundo o Partido Popular naquel momento chegaron a un acordo para que esa praza non se amortizara, cousa que tampouco me parece moi correcta.

Esta é obviamente unha moción política, con ánimo non sei se de facer dano ou non pero si de chamar a atención sobre un problema que ten esta Deputación, co cal eu noto en falta algo máis, cando se toma unha moción deste tipo, que debe ser política porque o resto eu xa dou por asumido o feito de que nunca se lle debe quitar a un funcionario que aproba unha oposición, polo sistema que fora, a súa praza onde está, agás acordo ou consenso con el; o que tiña que levar é un punto segundo de reprobación política a este goberno social arribista, de que xeito?, pois ou con declaralos a todos persoas non gratas, que é algo bastante habitual co nivel de mentiras e malas informacións e actuacións que teñen dicindo hoxe branco e mañá negro; ou ter reprobado a toda a Corporación.

Porque é unha decisión política pensada, meditada, para laminar a unha persoa que, polo que sexa, ou se foi incitado ou mandado por alguén, que ó mellor nin está aquí, pero iso que o aclaren eles porque aquel día o Sr. Sotuela non sabía nada e asumía tódalas responsabilidades, o

que tiña que facer ó asumir esas responsabilidades, que hoxe xa non asume, era ter demitido e marchado para a casa.

Dende o meu punto de vista imaxino que non se poden engadir puntos a esta moción, pero eu pediría a reprobación de todo o Grupo de Goberno da Corporación, e despois xa irán ó xulgado”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Dicía o Sr. Sotuela que o que se fixo no Pleno pasado foi algo legal, efectivamente, e ademáis a rectificación foi algo moral; o que se pretendía facer non sei se era legal pero dende logo era amoral, era bastante incorrecto, e non o digo eu senón que o recoñeceu vostede.

Entonces a proposta neste caso é moi clara, non sei cantas iniciativas levamos neste Pleno onde este Goberno queda en minoría dunha maneira moi clara; feitos coma este son un exemplo do que queren facer e non poden porque, grazas a Deus, están en minoría. Rectificar sempre foi de sabios, e hoxe podería ademáis blindar esa rectificación cun compromiso de que non volva ocorrer, pero se no pleno anterior, con relativa humildade, digamos que aceptou as propostas que lle fixeron e medio pediu desculpas, nesta encheuse un pouco máis de orgullo, case nalgunha intervención rozaba a soberbia, e puxo en evidencia o que realmente son.

Eu non sei se son social arribistas, porque incluso aprendín como se escribe porque nunca escoitara ese termo, algúns que os coñecen mellor cá min dino e probablemente teñan razón, non o sei e aí non vou entrar; pero o que si é verdade é que non apoiando esta iniciativa deixa entrever o que realmente son, e o perigo que teñen cando teñen a maioría suficiente para executar o que queren facer; iso é o que me preocupa, iso tamén é a nosa obriga explicarllo á xente para que cada vez teñan menos maioría absoluta, especialmente aquí, creo que aquí xa se conquistou e as facultades e as capacidades que teñen de materializar cousas coma esta, grazas ás matemáticas, decrecen, e ten que ser esa a nosa responsabilidade e compromiso coa xente en que sigan decrecendo.

Pero antes de intervir fóralle mellor ler a acta do Pleno anterior, quedaría un pouco mellor porque, como todo queda escrito, ó final acaba quedando en evidencia.

Remato agradecendo o pronunciamento do resto dos Grupos Políticos que unha vez máis conquerimos a maioría aplastante, e deixanos a vostedes en ridícula minoría, tamén lles digo que nunha futura sesión plenaria non descartamos outro tipo de actuacións como as que se puxeron aquí, porque iso non o vai marcar ningún Grupo Político senón que o van marcar os seus feitos, e cousas coma esta estaremos alerta e non llas imos deixar facer; pero tamén é verdade que cando lle tiran das orellas e se ve obrigado a rectificar non debería tropezar dúas ou tres veces na mesma pedra, non por ningún Partido Político porque a Institución, que bastantes patadas lle levan dado neste mandato, merece alo menos ese bo facer.

Por tanto agradecendo ós que a apoian e invitando á reflexión ós que non o fan”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Eu sigo dicindo que non se fixo nada ilegal. Eu vou defender ós traballadores desta Casa, e unha vez que se soubo rectificouse. Creo que este Pleno ven ó ruído e ó embarramento que quere facer o Partido Popular desta Institución, e a montar a juerga co propio Deputado Manuel Martínez”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“O señor Deputado non ven montar juergas, non cualifique de juerga isto”.

Intervén o Sr. Presidente para maniestar o seguinte:

“Eu non o molestei a vostede para nada, avísoo unha vez, avísoo dúas veces, e avísoo tres veces; váiase e abandone o Salón de Plenos”.

Ao insistir o señor Martínez Núñez dicíndolle ó Presidente que o avise tres veces, o Sr. Presidente maniféstalle o seguinte:

“Xa o avisei tres veces, non obstante avísoo unha, duas, e tres veces, e marche porque xa me interrompeu duas veces hoxe. Queda expulsado do Pleno, porque vostede non ven por ter interese polos veciños senón que ven facer espectáculo.

Continúa o Sr. Martínez Núñez no Salón de Plenos e o Presidente maniféstalle que de non marchar avisarase ó persoal de seguridade.

Neste momento abandona o Salón de Plenos o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez.

A continuación procédese á votación da moción, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada polo Grupo Provincial Popular.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.